

Bajada Salgueira, 39–40. 36204 _ Vigo

986 410 361

cpr.sanfernando@edu.xunta.gal

<https://colegiosanfernandovigo.com>



Plan de convivencia e regulamento de réximen interno

2025_2026

REVISADO POLO
EQUIPO DIRECTIVO

Setembro 2025

APROBADO POLO
CLAUSTRO

30 de Setembro de 2025

APROBADO POLO
CONSELLO ESCOLAR

30 de Setembro de 2025

Este documento é propiedade do Colexio Plurilingüe San Fernando, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así o estimo oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como mostralo a organizacións empresariais ou particulares sen a expresa autorización por escrito da Entidade Titular.

Contenido

1.- MARCO LEXISLATIVO	3
2.- CONTEXTO ESCOLAR	4
2.1. Características do centro e contorna socioeconómica.	4
2.2. Características do alumnado e as familias.	5
2.3. Diagnóstico da convivencia no centro.	5
3.- FINS E PRINCIPIOS BÁSICOS DA CONVIVENCIA ESCOLAR	6
4.- OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA	7
4.1 Obxectivos xerais	7
4.2 Obxectivos específicos	7
5.- AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR	8
6.- ACTUACIÓNS ORIENTADAS Á PREVENCIÓN DE CONFLITOS E A CONSECUCIÓN DUN AXEITADO CLIMA DE CONVIVENCIA ESCOLAR	8
6.1- Medidas complementarias para a mellora da convivencia	9
6.2- Aula de convivencia inclusiva	9
6.3 Protocolo para a organización dos espazos e tempos	10
7.- DEREITOS E DEBERES DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DIRECTA	11
8.- NORMAS DE CONVIVENCIA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.	13
8.1.- Normas que regulan a actividade na aula.	14
8.2.- Normas que regulan o uso dos espazos comúns do colexio	14
8.3.- Entradas e saídas e cambios de aula	15
8.4.- Código de conduta ambiental	15
8.5.- Normas que regulan a realización de actividades complementarias	15
8.6.- Normas de colaboración entre as familias e a escola.	16
8.7.- Programa de prevención e control do absentismo escolar.	16
9.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA _ ANEXO 3.3.1	19
9.1 ABORDAJE ADMINISTRATIVO DE CONDUCTAS CONTRARIAS A LA CONVIVENCIA	19
9.2 CONSIDERACIONES GENERALES	21
¿Qué elementos hay que tener en cuenta para la gradación en la determinación de las conductas y sus medidas de corrección?	21
¿Se puede establecer la reparación de daños?	22
¿Puede hacerse uso de la mediación escolar?	22
9.3 CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS A LA CONVIVENCIA Y CORRECCIÓN ORIENTACIONES	23
9.4 CONDUCTAS GRAVEMENTE PERJUDICIALES PARA LA CONVIVENCIA Y SU CORRECCIÓN	27
Conductas gravemente perjudiciales para la convivencia	27
Procedimiento conciliado	32
Procedimiento común	35
9.5 COMPROMISOS DE CONVIVENCIA	38
9.6 CONSIDERACIONES SOBRE POSIBLES CONDUCTAS CONSTITUTIVAS DE ILÍCITO PENAL	39
9.7 GARANTÍA EN MATERIA DE CONFIDENCIALIDAD Y PROTECCIÓN DE DATOS	39
9.8 SOBRE LAS RESPONSABILIDADES INHERENTES A LA PATRIA POTESTAD O A LA TUTELA	41

9.9 CONSIDERACIONES SOBRE LOS CENTROS PRIVADOS	41
CONCERTADOS	41
9.10 CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS A	42
LA CONVIVENCIA A EFECTOS DE	42
DETERMINACIÓN DE REITERACIÓN	42
9.11 RESOLUCIÓN SOBRE EL CÓMPUTO DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS A	44
LA CONVIVENCIA A EFECTOS DE DETERMINACIÓN DE REITERACIÓN	44
HECHOS	44
CONSIDERACIONES LEGALES Y TÉCNICAS	44
9.12 ALEGACIONES ANTE MEDIDAS CORRECTORAS G) Y H) DE CONDUCTAS	47
CONTRARIAS A LA CONVIVENCIA DE CARÁCTER LEVE	47
9.13 RESOLUCIÓN SOBRE REVISIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE	48
CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS A LA CONVIVENCIA	48
HECHOS	48
CONSIDERACIONES LEGALES Y TÉCNICAS	49
9.14 COMUNICACIÓN DE UNA POSIBLE CONDUCTA GRAVEMENTE PERJUDICIAL	51
PARA LA CONVIVENCIA	51
9.15 INCOACIÓN DE PROCEDIMIENTO PARA LA IMPOSICIÓN DE MEDIDAS	53
CORRECTORAS	53
CONSIDERACIONES LEGALES Y TÉCNICAS	56
RECUSACIÓN DE LA PERSONA INSTRUCTORA	59
9.17 ABSTENCIÓN DE LA PERSONA INSTRUCTORA	62
9.18 RATIFICACIÓN O REVISIÓN DE LA PERSONA INSTRUCTORA	65
CONSIDERACIONES LEGALES Y TÉCNICAS	65
CONSIDERACIONES LEGALES Y TÉCNICAS	67
9.19 PROCEDIMIENTO CONCILIADO: ACEPTACIÓN Y CITACIÓN	69
10a. Aceptación del procedimiento conciliado y citación	69
10b. Citación a la reunión de conciliación de la persona mediadora	72
10c. Citación a la reunión de conciliación de la persona instructora	73
9.20 COMUNICACIÓN SOBRE TRAMITACIÓN DE PROCEDIMIENTO CORRECTOR	74
POR EL	74
PROCEDIMIENTO COMÚN	74
CONSIDERACIONES LEGALES Y TÉCNICAS	75
9.21 ACTA DE LA REUNIÓN DE CONCILIACIÓN CON ACUERDOS	76
ACTA REUNIÓN CONCILIACIÓN	76
9.22 ACTA DE LA REUNIÓN DE CONCILIACIÓN SIN ACUERDOS	78
ACTA REUNIÓN CONCILIACIÓN	78
9.23 FIN DE PROCEDIMIENTO CONCILIADO POR INCUMPLIMIENTO Y PASO AL	81
PROCEDIMIENTO COMÚN	81
HECHOS	81
CONSIDERACIONES LEGALES Y TÉCNICAS	82
9.24 FIN DE PROCEDIMIENTO CONCILIADO Y ARCHIVO	83

HECHOS	83
CONSIDERACIONES LEGALES Y TÉCNICAS	83
9.25 MEDIDAS PROVISIONALES	84
16a. Propuesta a la dirección de medidas provisionales	84
16b. Resolución sobre medidas provisionales	85
9.26 CITACIÓN Y ENTREVISTA	88
CITACIÓN	89
9.27 ENTREVISTA, PROPUESTA DE RESOLUCIÓN Y AUDIENCIA	90
18a. Acta de entrevista	90
18b. Propuesta de resolución	92
18c. Citación para trámite de audiencia	95
9.28 ACTA DE AUDIENCIA DE PROCEDIMIENTO CORRECTOR	98
9.29 TRASLADO DE LA INSTRUCCIÓN Y DE LA PROPUESTA DE RESOLUCIÓN DE LA DIRECCIÓN	100
9.30 INSTRUCCIÓN COMPLEMENTARIA	101
21a. Citación a entrevistas para instrucción complementaria	101
21b. Acta de entrevistas complementarias	102
21c. Citación a trámite de audiencia complementario	104
21d. Acta del trámite de audiencia complementario	106
9.31 RESOLUCIÓN DEL PROCEDIMIENTO CORRECTOR	108
22a. Resolución del procedimiento corrector	108
9.32 RESOLUCIÓN DEL PROCEDIMIENTO CORRECTOR	113
22b. Propuesta de resolución de cambio de centro	113
9.33 TRÁMITE DE CAMBIO DE CENTRO	118
23a. Solicitud de autorización de cambio de centro	118
23b. Resolución de cambio de centro	119
9.34 ALEGACIONES Y SOLICITUD DE REVISIÓN DE MEDIDAS IMPUESTAS EN PROCEDIMIENTO CORRECTOR	124
9.35 RESOLUCIÓN SOBRE REVISIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PERJUDICIALES PARA LA CONVIVENCIA	126
HECHOS	126
CONSIDERACIONES LEGALES Y TÉCNICAS	127
9.36 SUSPENSIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS POR COMPROMISO EDUCATIVO	128
HECHOS	128
CONSIDERACIONES LEGALES Y TÉCNICAS	129
10.- MEDIDAS ANTE LAS CONDUCTAS DISRUPTIVAS O ENTORPECEMENTO DEL NORMAL FUNCIONAMIENTO DE LA CLASE	132
11.- ACTUACIÓN ANTE UNA SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR _ ANEXO 3.3.2	132
11.1. Introducción	133
11.2. Identificación del acoso escolar	134
Criterios de identificación del acoso escolar	134
Tipos de acoso escolar	135
Consecuencias del acoso escolar	136

11.3. Protocolo de actuación	137
11.3.1 143	
Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (anexo 1)	138
Medidas urxentes de protección á presunta vítima	138
Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo 2)	139
Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexos 3 e 4)	139
Nomeamento dunha persoa responsable das averiguacións previas, se procede (anexo 5)	139
Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (anexo 6)	140
11.3.2 146	
Recollida inicial de información (anexo 7)	141
Entrevista individual á presunta vítima (anexo 8)	141
Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso (anexo 9)	142
Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras (anexo 10)	142
Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posible/s acosadora/s (anexos 11 e 12)	143
Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro (anexo 13)	143
Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso (anexo 14)	144
11.3.3 150	
Análise da información (anexo 15)	144
Adopción de medidas educativas	145
11.3.4 154	
11.4. Estratexias de prevención	150
Estratexias organizativas e de prevención no centro	150
Estratexias de prevención na aula	152
11.5. O ciberacoso	153
Definición de ciberacoso	153
Criterios de identificación do ciberacoso	154
Tipos de ciberacoso	154
Protocolo de actuación	155
Estratexias preventivas	156

11.6. A responsabilidade do centro. Aspectos xurídicos	158
Responsabilidade do centro	158
Particularidades xurídicas do ciberacoso	159
11.7. Cláusula de confidencialidade e protección de datos	161
11.8. Información de interese	163
11.9. Anexos	164
Anexo 1	166
Anexo 2	167
Anexo 3	168
Anexo 4	168
Anexo 5	169
Anexo 6	170
Anexo 7	171
Anexo 8	173
Anexo 9	0
Anexo 10	3
Anexo 11	6
Anexo 12	9
Anexo 13	12
Anexo 14	13
Anexo 15	13
Anexo 16	17
12.- ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	20
13.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA	20
14.- PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO	20
15- REXISTRO UNIFICADO DE MALTRATO INFANTIL (RUMI)	21
16- NOTIFICACIÓN AS FAMILIAS SOBRE A VESTIMENTA	21

1.- MARCO LEXISLATIVO

O presente Plan de Convivencia e Regulamento de Réximen Interno do Colexio Plurilingüe San Fernando, ten a súa base legal no DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG. 27 de xaneiro de 2015), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 15 de xullo de 2011).

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (LODE), e as Leis orgánicas: Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOGSE); Lei Orgánica 9/1995, de 20 de novembro, da Participación, a Avaliación e o Goberno dos Centros Docentes (LOPEG); Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE); Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE); establecen os principios e fins da actividade educativa.

Entre os principios da educación sinalan a transmisión dos valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común, e a participación da comunidade educativa, así como o principio do esforzo compartido que deben realizar o alumnado, as familias, o profesorado, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto como requisito necesario para asegurar unha educación de calidade con equidade.

Por outra parte, os artigos 120 e 124 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establecen a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento. O mesmo artigo 124 dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen cón fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento das normas de convivencia, considerando que estas son de obrigado cumprimento e as medidas correctoras serán proporcionadas ás faltas cometidas e terán un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa. Igualmente, as disposicións deste decreto atenden ao establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais,

bisexuais e intersexuais en Galicia, coa finalidade de garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais no ámbito educativo.

Este decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico de convivencia recoñecido na lexislación básica do Estado e na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en

obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O Plan de Convivencia e Regulamento de Réximen Interno é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que compoñen, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto educativo no que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro.

O Plan de Convivencia e Regulamento de Réximen Interno integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluído a mediación na xestión de conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. Todas as actuacións serán levadas a cabo pola aplicación dos diferentes protocolos:

- Protocolo Xeral de Acoso e Ciberacoso escolar. Xunta de Galicia. Estratexia Galega de Convivencia Escolar (EduConvives). Outubro de 2015.
- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia. Xunta de Galicia. Outubro de 2015.
- Rexistro Unificado de Maltrato Infantil desde o ámbito escolar (RUMI). Xunta de Galicia.
- Protocolo de actuación en abusos sexuais a menores. Xunta de Galicia. Setembro de 2000.

2.- CONTEXTO ESCOLAR

2.1. Características do centro e contorna socioeconómica.

O Colexio Plurilingüe San Fernando, é un centro privado, concertado en todos os niveis de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, cunha única liña, cun total de 13 unidades.

Xornada escolar: Horario de xornada continua, de 08:40 a 14:00. Os martes, os alumnos de ESO teñen dúas sesións de 16:00 a 18:00.

De luns a venres, en horario de 16:00 a 18:00, establécense diferentes actividades extraescolares. Tamén existe o servizo de madrugadores, a partir das 07:45. O Colexio conta con servizo de comedor (catering externo) e transporte escolar.

O Colexio áchase nunha zona intermedia entre a zona urbana e a periferia. Trátase dunha zona con poucos cambios nos últimos trinta anos, aínda que agora se está a construír edificación alta e pechada, co cal se incrementa a poboación de tipo medio, tanto en idade coma en clase social.

- O 60% dos veciños teñen vivenda unifamiliar e o 40% deles posúe unha pequena horta ou varios campos de cultivo.
- O 75% do alumnado viven preto do Colexio e o resto vén transportado.
- O ámbito está dotado de Centros de Ensino, tanto públicos coma privados.
- O Polideportivo Municipal queda algo lonxe. Existen varios Clubes deportivos que non teñen instalacións preto, salvo dous.
- Hai varios parques infantís.
- A nivel sanitario, a zona posúe un Centro de Saúde, un Servizo de Urxencias, e varios sanatorios privados ou concertados.

- Existen tres asociacións de veciños, dous con Local Social, pero entre elas case non se relacionan.
- Tampouco hai intercambios entre as Asociacións de Pais dos Centros da zona.
- Os movementos sociais e culturais son practicamente capitalizados polas Asociacións de Veciños e as inquedanzas relixiosas polas Parroquias.
- A poboación é maioritariamente natural da zona, aínda que últimamente aumenta a inmigración, sobre todo inmigrantes de Iberoamérica.
- Unha parte do alumnado accede ao centro en transporte escolar que procede de zonas cercanas.
- As actividades laborais dos pais están relacionadas coa industria e os servizos.
- Os estudos dos mesmos son de nivel Primario, en xeral.
- O índice de paro e de familias desestruturadas é bastante acusado.
- A lingua máis usual é o castelán, pero con incidencia do galego na área máis rural.
- Os pais, en xeral, dentro das súas posibilidades colaboran e interésanse pola educación dos seus fillos, asistindo ás Reunións de Aula, Tutorías e celebracións do Colexio: Festas, etc...
- Un pequeno número de familias colaboran coa AFA, e toman parte de moitas actividades e se involucran en todo o relacionado coa mellora do centro.

2.2. Características do alumnado e as familias.

A maioría dos alumnos viven en familias pouco numerosas. O seu tempo de ocio dedícanlo ó xogo e actividades na rúa, a ver a televisión, a xogar coa consola, o ordenador e outras actividades. Moitos deles pertencen a equipos deportivos e entrenan regularmente.

As familias do noso alumnado caracterízase maioritariamente por ter poucos membros, por termo medio está formada por 4 membros. Os pais e nais áchanse entre os 30 e 50 anos na súa maioría. A meirande parte ten estudos elementais e algúns, estudos superiores.

No seu ambiente local:

O gusto polos xogos no parque, actividades deportivas e asociacións como “Pecheche” son o máis relevante das súas preferencias. Non existen problemas de asociación en pandillas nin presuntos delincuentes, así como problemas de drogadición dos que estea enterado o colexio.

No seu ambiente escolar:

En xeral teñen un bo concepto do colexio. A relación co profesorado é boa e as relacións cos compañeiros son normais. Sen embargo, no derradeiro curso apréciase un aumento da cantidade de conflitos entre o alumnado co profesorado.

2.3. Diagnóstico da convivencia no centro.

O estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos, e tendo en conta a situación social, económica e familiar do noso alumnado, son cordiais e fluídas na meirande parte dos casos.

No derradeiro curso, detectouse un aumento da conflitividade no centro. Como será reflectido na redacción do presente Plan, as actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia son levadas a cabo maioritariamente polo propio profesorado do centro, aínda que se teñen organizado diferentes actividades en colaboración con organizacións externas ao centro como poden ser Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Cruz Vermella e Concello de Vigo. A efectividade destas é irregular e xorden lixeiros conflitos, normais na convivencia cotiá, pero que non revisten importancia e non son destacables.

3.- FINS E PRINCIPIOS BÁSICOS DA CONVIVENCIA ESCOLAR

Para desenvolver o Plan de Convivencia e Regulamento de Réximen Interno partimos das seguintes consideracións previas:

- 1) A elaboración do Plan de Convivencia é o resultado da implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa: profesorado, familias e alumnado, para o fomento dunha boa convivencia no Centro.
- 2) A prevención é a principal recomendación para a mellora da convivencia, en consecuencia o noso traballo centrarase en previr as condutas contrarias a ela no noso centro. Priorizaremos aquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa.
- 3) A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo. Pretendemos establecer a organización e o funcionamento do noso colexio en base ao respecto e a responsabilidade persoal, a participación e o traballo cooperativo, o rexeitamento de toda discriminación e a compensación das desigualdades.
- 4) O conflito é inherente á vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver o labor educativo e, sobre todo, servir como medio de aprendizaxe a procura dalgunha solución ao conflito de forma democrática, dialogada e pacífica.
- 5) En materia de convivencia e disciplina os alumnos están obrigados ao cumprimento no disposto neste Regulamento de Réxime Interno do Centro. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma de todo o alumnado.
- 6) As actitudes a desenvolver e a organización do Centro en materia de convivencia deberán basearse nas normas de convivencia establecidas neste Regulamento de Réxime Interno .
- 7) A colaboración coas familias adquire un papel central na educación do alumnado, debendo estreitar a devandita colaboración.
- 8) Desenvolver unha convivencia adecuada na aula precisa que exista un bo nivel de coordinación entre o equipo docente. Esta deberá establecerse sobre o esencial, marcando unha actuación coherente e unha mesma liña de traballo.

- 9) A acción titorial é un instrumento de gran importancia para desenvolver a convivencia a través dela. O profesorado pode dispor dinámicas de consolidación do grupo-clase, achegar información ao profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais... O Plan de Acción Titorial debe ser asumido e coñecido por todas as partes implicadas coa finalidade de asegurar unha boa implementación e a súa contribución á mellora da convivencia no centro.

4.- OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes

4.1 Obxectivos xerais

- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

4.2 Obxectivos específicos

- Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un clima positivo de autoestima e confianza mutua, de empatía e tolerancia, esenciais para conseguir, entre todos/as, un marco de convivencia que faga innecesaria a adopción de medidas disciplinarias, priorizando a educación en valores.
- Desenvolver no alumnado as habilidades relacionadas coa empatía e as habilidades sociais, con especial énfase na autoestima e na estima ós demais.
- Formar á comunidade educativa en estratexias de resolución de conflitos.

- Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o diálogo, co esforzo conxunto de profesorado, alumnado e familia.
- Practicar unha metodoloxía participativa na que o alumnado sexa protagonista, e que inclúa o traballo cooperativo, as dinámicas de grupo, as asembleas de clase, etc...
- Unificar os criterios de actuación diante dos problemas de conduta do alumnado, evitando contradicións que desorienten ó alumnado.
- Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só despois de esgotar as estratexias motivacionais e educativas.
- Promover a implicación das familias na prevención e resolución de conflitos.

5.- AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR

- **A comunidade educativa.** Todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar e participarán na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- **O Consello escolar.** Realiza anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- **A comisión de convivencia.** Constituirase no seo do seu consello escolar. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e por unha persoa representante da titularidade do centro. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. A comisión de convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.
- **O Claustro do profesorado.**
- **O equipo directivo.**

6.- ACTUACIÓNS ORIENTADAS Á PREVENCIÓN DE CONFLITOS E A CONSECUCIÓN DUN AXEITADO CLIMA DE CONVIVENCIA ESCOLAR

As actuacións preventivas e aquelas que contribúan á detección e xestión da conflitividade. Entre estas podemos destacar para a súa aplicación, as seguintes:

- Plan de Acolida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e

deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.

- Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa; Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero; Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social; levadas a cabo, por unha parte, no aula, nas actividades de tutoría e da materia de valores, e por outra, mediante a organización de actividades de divulgación ofertadas por diferentes organismos. Ademais aproveitamos as actividades de celebración de diferentes días oficiais e celebracións. Ademais organizamos todos os cursos actividades complementarias e extraescolares, na meirande parte, enfocadas á concienciación do alumnado.
- Medidas de carácter organizativo que posibilitan a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores. Para tal fin temos, xa reflectido no PEC, unha adecuada organización do centro e da aula, así como a coordinación das actuacións docentes e estratexias metodolóxicas.
- Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos, tanto a nivel das familias, coa proxectada Escola de Nais e Pais, como a nivel académico, coa organización de xornadas e cursiños ou a asistencia a eles por parte do profesorado.
- Tamén levamos a cabo actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá por parte dos titores, explicando, por exemplo, lexislación, como o Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, ou actividades do Departamento de Orientación.

6.1- Medidas complementarias para a mellora da convivencia

O departamento de orientación elaborou e desenvolveu un programa que contribúe á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado tutor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas

6.2- Aula de convivencia inclusiva

A existencia de este aula ten vocación de substituír o tempo de expulsión do alumnado que estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como

consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible. O horario do aula de convivencia coincidirá có horario normal do curso. No noso centro, e debido a limitación de espazo, decidimos facer esta labor aproveitando as aulas de outros cursos, nos que incluímos aos alumnos expulsados que acuden a facer tarefas propias do seu nivel ou ben tarefas de colaboración có profesorado. De ser posible, o alumnado expulsado nestos casos, acudirá ao Departamento de Orientación, que supervisará as medidas e actuacións propostas para o estes alumnos, ademais de favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia. A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, e si fose necesario, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

6.3 Protocolo para a organización dos espazos e tempos

Plan de Convivencia e Regulamento de Réximen Interno A Dirección do colexio unha vez escoitados os equipos docentes do alumnado implicado establecerá o grupo da clase que favoreza un bo clima escolar.

- 1) Realizar o Período de Adaptación co alumnado de 3 anos en Educación Infantil.
- 2) Realizar as actividades do Plan de Acolida para o alumnado novo.
- 3) Realizar actuacións de acolida co profesorado que se incorpora ó colexio por primeira vez.
- 4) Información e divulgación ás familias sobre funcionamento do centro e as normas de convivencia; así como as canles de participación a través de reunións individuais, colectivas, publicacións, páxina web, etc.
- 5) Recollida de información por parte do TITOR a través de entrevista persoal, enquisa, revisión de documentación médica e/ou psicolóxica, para coñecer o ambiente familiar e social do alumnado e adaptar a resposta educativa á mesma.
- 6) O Departamento de Orientación Escolar coa colaboración do profesorado, familia e persoas do entorno do alumnado elaborará un Rexistro de Avaliación Psicopedagóxica que facilite o coñecemento do alumnado.
- 7) A través do Departamento de Orientación Escolar coordinar actuacións con outros profesionais e institucións: Servizos Médicos, Servizos Sociais, Servizo de Menores, Gabinetes psicopedagóxicos, Asociacións educativas e sociais, etc.
- 8) Realizar actividades xerais do colexio que fomenten a idea de grupo e a pertenza a un colectivo con fins comúns: festivais, celebracións, en especial o Día da Paz.
- 9) Acompañamento do alumnado nas entradas e saídas e durante os cambios de clase a fin de evitar alboroto no alumnado.
- 10) Nas vixías do recreo prestar especial atención ó alumnado que ten dificultades para relacionarse cós demais e favorecer a súa relación cos iguais, e co alumnado que presenta un comportamento problemático.
- 11) Realizar actividades que favorezan o desenvolvemento de habilidades sociais.
- 12) Na Formación do profesorado realizar cursos de actualización e mellora na resolución de conflitos e no desenvolvemento das habilidades sociais na medida das posibilidades.

7.- DEREITOS E DEBERES DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DIRECTA

As normas de convivencia teñen como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

No marco do establecido pola lexislación básica de educación, os membros da comunidade educativa son titulares dos dereitos e deberes de convivencia e participación que se regulan neste Plan.

Estase a elaborar un Protocolo que contribúa á detección do incumprimento destas normas.

▪ Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

1.- As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos polas leis, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2.- Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e co centro docente. É obriga deles que o alumnado asista o centro con puntualidade e material preciso.
- b) Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

▪ Dereitos e deberes do alumnado.

1.- Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións na aula en materia de convivencia.

2.- Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con regularidade, puntualidade, e cón material preciso.

▪ **Dereitos e deberes do profesorado.**

1.- Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2.- Son **deberes** do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro .
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

▪ **Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.**

1.- Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

2.- Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respeten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

8.- NORMAS DE CONVIVENCIA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

As normas elaboradas a continuación teñen en conta o Título III, "Normas básicas de convivencia nos centros docentes, capítulo I da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de

convivencia e participación da comunidade educativa (BOE, 30 de xullo), e desenvolta no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG, 27 de xaneiro de 2015).

8.1.- Normas que regulan a actividade na aula.

- Durante o curso celebraranse asembleas para reflexionar e levar a cabo as normas de convivencia da aula segundo a súa idade.
- Tanto o profesorado como o alumnado cumprimos os horarios establecidos no Plan Xeral do Centro e somos puntuais para non entorpecer o funcionamento da clase.
- A asistencia do alumnado é obrigatoria. As faltas de asistencia serán xustificadas por escrito e entregaranse ao titor/a nun prazo máximo dunha semana a súa incorporación ao centro.
- O profesorado anotará diariamente as faltas de puntualidade e asistencia do alumnado. Estas faltas estarán recollidas no expediente individual do alumnado ó remate da semana (XADE) por parte da Xefatura de Estudos.
- O alumnado traerá diariamente todo o material solicitado polo mestre para a realización das actividades escolares. En caso de faltarlle material cada profesor/a comunicárase por escrito á familia, cando esta falta de material sexa reiterada.
- O alumnado virá o centro vestido correctamente e debidamente aseado.
- O alumnado non traerá móbiles, máquinas electrónicas ou xoguetes que molesten o bo funcionamento da clase.
- Non se comerá e beberá durante a clase agás a autorización explícita do profesorado.

8.2.- Normas que regulan o uso dos espazos comúns do colexio

O Colexio é de todos, polo que debemos esforzarnos por mantelo nas mellores condicións empregando correctamente o material do patio (canastras, porterías...), tanto no horario lectivo como nas actividades extraescolares, evitando xogar en espazos non adaptados para ese uso, utilizando axeitadamente o material de aula, aseos..., colaborando na limpeza e mantemento das instalacións...

Fóra do horario lectivo a presenza do alumnado no recinto escolar reducirase ao comedor (14 a 16 horas), e á realización das actividades extraescolares nos espazos e tempos designados ao efecto. Fóra do horario de clases ningún alumno/a poderá acceder ás aulas.

Cando chegue a hora do **recreo**, os mestres que estean impartindo clase ou os titores acompañarán ós alumnos ó patio, facéndose cargo deles os mestres da quenda correspondente; estes mestres saíran ó patio coa máxima puntualidade. En ningún caso se deixarán aos alumnos sen a correspondente atención directa.

Cando remate o tempo de recreo soará o timbre e o profesorado subirá ás aulas antes de que entren os alumnos. Os mestres que teñen quenda controlarán a entrada do alumnado.

Normas para utilización de patios de recreo.

- Non se permitirán xogos perigosos. Utilizarán as pelotas ou materiais de xogo que lles proporcionen os titores, responsabilizándose dos mesmos.
- Fomentarase o uso das papeleiras.

- Unha vez que os nenos están no patio non poden subir ás aulas ata o remate do recreo. No tempo de recreo os alumnos non poden permanecer sos nas aulas. Se un neno se atopa indisposto será o titor quen se fará cargo.
- Antes de baixar ao recreo, si o titor o considera oportuno, lembraralles aos alumnos que collan a merenda e as prendas de abrigo e que tiren os desperdicios das merendas nas papeleiras.

8.3.- Entradas e saídas e cambios de aula

- Nas **Entradas**:
 - O profesorado de quenda controlará o acceso nas portas correspondentes, mentres que os outros mestres estarán o fronte das súas filas.
 - Os alumnos entrarán á escola ordenadamente, evitando aglomeracións e carreiras, tanto nos corredores coma nas escaleiras e no vestíbulo.
 - Os familiares que acompañen ao alumnado non deberán interferir o desenvolvemento da entrada.
 - Os alumnos non poderán permanecer nos corredores unha vez iniciadas as clases.
 - Cando os alumnos abandonen a súa aula para asistir a clase noutra dependencia do centro, farano sempre baixo o control directo dos correspondentes mestres, que deberán coordinarse para que os alumnos estean sempre atendidos.
- Nas **Saídas**:
 - Chegada a hora da saída tódolos mestres que estean impartindo clase, en calquera dependencia do colexio, acompañarán ós alumnos ata as portas de saída, comprobando que saen todos os alumnos ordenadamente e que non queda ningún na aula nin nos aseos.
